

## CIRCULAR AOS PAIS

Estimados nais e pais:

Como nos cursos anteriores, o acceso dos pais ao centro está restrinxido nas horas de entrada e de saída para facilitar a custodia dos alumnos transportados e de comedor.

**Os titores, titoras ou profesores especialistas recibirán os alumnos no transporte, nas entradas e nas aulas.**

Os accesos serán:

### **PORTA 1A-1B (ENTRADA PRINCIPAL)**

Alumnos de 3º,4º,5º,6º, Inglés (Melissa), Infantil

### **PORTA 2A-2B (ENTRADA SECUNDARIA)**

Alumnos de 1º, 2º,3º C,4º C, Música, Inglés (Yolanda)

Calquera cuestión a tratar cos titores farase mediante unha nota enviada cos alumnos e chamando por teléfono a Secretaria. Asemesmo deberán xustificarse todas as faltas de asistencia dos alumnos do mesmo xeito.

De acordó co Plan de Convivencia do Centro as faltas de puntualidade en Primaria (sen xustificar) consideraranse faltas leves e a reiteración das mesmas falta grave.

Todo pai ou nai que chegue cun alumno/a despois das 9:15 deberá pasar por Secretaría e cubrir o xustificante especificando o motivo do seu retraso. **EN NINGÚN CASO ACCEDERÁN OS PAIS AS AULAS NIN DEAMBULARÁN POLOS CORREDORES DO COLEXIO.**

**A partir das 9:15 o recinto escolar quedará pechado. Toda persoa que necesite acceder ao Centro (Secretaría, recoller o traer un neno,...) usará o telefonillo instalado na porta pequena de acceso a peóns. A porta de entrada de vehículos estará sempre pechada salvo para o persoal autorizado (profesorado, coidadoras, administrativa, conserxe,...).**

Se teñen que recoller un alumno durante o horario lectivo acudirán a Secretaria e cubrirán o xustificante correspondente e agardaran alí a que chegue.

**Polas tardes non se poderá acceder as aulas. Se nalgún caso precisan algún material que esqueceron, contactarán co CONSERXE ou co PROFESORADO DE GARDA.**

En horario de 8:35 e ata as 14:15 establécense gardas do profesorado para custodiar ao alumnado que utiliza o transporte no período que transcurre desde a chegada do alumnado transportado e o inicio da actividade lectiva e desde que remata esta.

**Os pais/nais dispoñen dunha área para aparcarse na zona do campo de fútbol. Non se pode entrar e saír de ningunha maneira pola porta de autobuses agás de 7:30 a 8:30 que se autoriza para os usuarios do servizo de madrugadores.**

*Toda esta información queda supeditada, e será debidamente informada no vindeiro curso por mor da pandemia.*